

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 15 de decembro de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día quince de decembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Conselo Torres* e o deputado *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia étrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33271.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023.

2.33272.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte.2023068881)

Dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas da Deputación Provincial de Pontevedra que xorde como instrumento de asistencia aos concellos no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación por Lei (arts. 26 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 80 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; e Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos de competencia municipal).



Estas bases e a súa convocatoria rexen a concesión de subvencións destinadas aos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes para que poidan acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas municipais existentes así como a construción de novas instalacións deportivas.

As bases constitúen a normativa específica destas axudas, de conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

O financiamento da convocatoria de axudas realízase con fondos propios da Deputación e as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia non competitiva, dotan de seguridade xurídica ao procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que debe presidir a actuación da Deputación.

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do orzamento provincial para o exercicio 2023, e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Á vista da documentación existente no expediente, e vistos os informes de Secretaría Xeral de 04/12/2023 e da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial de 12/12/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º. Aprobar as Bases reguladoras e convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra cun orzamento de catro millóns de euros (4.000.000,00€), imputable á aplicación orzamentaria 2023/942.3420.762.95.

O texto das bases reguladoras e convocatoria figura co CSV: SCRBVEBTQFETQ2CQ

2º. Ordenar a publicación destas bases reguladoras e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>).

3.33273.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, “OBRAS DE REPARACIÓNS DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS” (Expte. 2023035386)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.



Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis euros (2.720.016,00 €), imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.

Mediante a Resolución Presidencial (RP) núm. 2023004393 de data 02/06/2023, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións, correspondéndolle ao *Concello da Guarda* unha cantidade subvencionable de 122.052,00 €.

En data 08/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030799) dunha petición do *Concello de A Guarda* emendada na data 14/06/2023, 22/06/2023, 20/07/2023 e 26/07/2023 (con números de rexistro WEB2023037978, WEB2023039612, 2023044706, WEB2023045650 e WEB2023045652 respectivamente), na que solicita unha subvención inicial por importe de 100.823,14 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “REP DE COLECTOR XERAL EDAR TRAMO CAMIÑO DAS TOMADAS, REP DANOS CUBERTA NA CASA DOS ALONSOS CASA DO CONCELLO, REP DO CAMIÑO DE BRANDIAN, REP DE MURO NA ESCOLA DA POZA, REP DOS DANOS ROTONDA ACCESO PRAIA E REP COLECTOR XERAL EDAR REDE SANEAMENTO TRAMO DA NORIA”, cun orzamento polo mesmo importe.

Mediante a RP núm. 2023006140, de data 03/08/2023, rectifícase a RP núm. 2023004393, por un error de transcripción.

Con posterioridade, detéctanse erros no informe meteorolóxico de Meteogalicia de febreiro do 2023, polo que se emite un novo informe o 07/08/2023 sobre as precipitacións rexistradas na provincia o día 01/01/2023 no que se rectifican algúns dos datos pluviométricos remitidos no mes de febreiro de 2023 e, entre eles, os datos relativos ao *Concello de A Guarda*.

Á vista deste novo informe, mediante a RP núm. 2023006725, de 05/09/2023, rectifícase a RP núm. 2023004393, de 02/06/2023, constando a aceptación da notificación desta RP polo Concello o mesmo día 05/09/2023.

Toda vez que as precipitacións rexistradas no *Concello de A Guarda* aumentan ata os 119 l/m², correspóndelle ao Concello unha cantidade máxima subvencionable de 139.488,00 €. Xa que lle aumenta o importe subvencionable, o concello pode reformular a súa solicitude.

Posteriormente, en data 29/11/2023, (con dous rexistros da mesma data WEB2023065663 e WEB2023065667), emendada na data 05/12/2023 (con número de rexistro WEB2023067084), consta entrada no Rexistro da Deputación, petición do *Concello de A Guarda* na que reformula a súa solicitude, aumentando a petición ata o importe máximo subvencionable de 139.488,00 €, cun orzamento polo mesmo



importe, para o investimento “Obras de reparacións de danos causados polas inundacións”, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Concello	Actuación	Orzamento subvencionable	Subvención
A GUARDA NIF: P3602300J	1.REP COLECTOR XERAL EDAR TRAMO CAMIÑO TOMADAS	4.627,83€	4.627,83€
	2.REP DANOS CUBERTA CASA DOS ALONSOS CASA DO CONCELLO	10.942,27€	10.942,27€
	3.REP DO CAMIÑO DE BRANDIAN	20.974,14€	20.974,14€
	4.RECONST. MURO CONTENCIÓN E PECHE PARCELA ESCOLA DA POZA	12.359,47€	12.359,47€
	5.RECONSTRUC. PARCIAL MURO DE CONTENCIÓN E PECHE PARCELA 6002.	15.344,68€	15.344,68€
	6.RECONSTRUC. PARCIAL MURO DE CONTENCIÓN E PECHE PARCELA 6014 E 6013	38.171,62€	38.171,62€
	7.RECONSTRUC. PARCIAL MURO DE CONTENCIÓN E PECHE PARCELA 5A E 40B	19.131,42€	19.131,42€
	8.REP DA FONTE DA PIOLLOSA OU SILVEIRA	1.766,60€	1.766,60€
	9.LIMPEZA DO COLECTOR XERAL DA REDE SANEAMENTO TRAMO AREA GRANDE- A RIBEIRA	16.169,97€	16.169,97€
	TOTAL	139.488,00€	139.488,00€

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de inundacións.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 01/12/2023, da xefa do Servizo de Cooperación de data 11/12/2023 e da Intervención Provincial de data 11/12/2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións , relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.



RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRIL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LBRIL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 01/12/2023, e da xefa do Servizo de Cooperación de data 11/12/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/12/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Guarda*, CIF: P3602300J a cantidade de 139.488,00 € con destino ao financiamento do investimento “*Obras de reparacións de danos causados polas inundacións*” (Expte.2023035386), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 un importe de 116.923,60 €, e na aplicación 2023/942.9428.462.97 un importe de 22.564,40 euros, do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto na prórroga da subvención da Deputación de Pontevedra para reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, aprobada por acordo da Xunta de Goberno nº 4.33017, do día 6 de outubro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 196 de 10 de outubro de 2023, (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Dar traslado da presente acordo ao *Concello de A Guarda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

4.33274.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORADA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 2601 MOS-PUXEIROS, DENDE O PQ 0+020 ATA O PQ 0+600”. (Expte. 2021060054)

O 28 de xuño marzo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Mos* formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 2601 Mos-Puxeiros, dende o PQ 0+020 ata o PQ 0+600*”.



A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) .
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Esta Addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Mos* para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 2601 Mos-Puxeiros, dende o PQ 0+020 ata o PQ 0+600*”.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a “*PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MOS PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 2601 MOS-PUXEIROS, DENDE O PQ 0+020 ATA O PQ 0+600*”.

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Dontra parte, Nidia María Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 28 de xuño de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 2601 Mos-Puxeiros, dende o PQ 0+020 ata o PQ 0+600”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Mos para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 2601 Mos-Puxeiros, dende o PQ 0+020 ata o PQ 0+600 (Concello de Mos)”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 28 de xuño de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.

O presidente da Deputación Provincial,

Luis López Diéguez

A alcaldesa do Concello de Mos,

Nidia María Arévalo Gómez

*O secretario xeral da Deputación
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar ao presidente para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Mos, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.



5.33275.- APROBACIÓN DA “ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO” (Expte. 2021047581)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- Que en data 10/12/2021 a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 5.31060 polo que se aprobaba o “*Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o proxecto de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro*”.
- Que en data 23/12/2021 asinouse o citado convenio que ten por obxecto acondicionar unha parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de novembro, establecendo un parque urbano e realizando unha reorganización espacial establecendo un orzamento de execución da obra de 499.998,86 €, cantidade que será financiada ó 100% pola Deputación.
- Que de acordo coa cláusula novena do convenio relativa á vixencia, contemplase como prazo de execución e finalización do investimento o 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024. En dita cláusula tamén se contempla que “*No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2024*”.
- Que en data 29/08/2023, o concello de Pontevedra solicita a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento co obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar o convenio pois, consultado o estado de execución de dito proxecto de obras, infórmase polo director das mesmas que, debido á necesaria autorización do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (en adiante ADIF), para a utilización do falso túnel da rúa Doce de novembro e á resolución de ADIF de data 23/06/2023 dando por desistido ao concello da solicitude da mesma, o proxecto non se iniciou, non sendo posible por elo, realizar as actuacións previstas neste Convenio no prazo de execución e finalización de obra estipulado na cláusula 9ª do mesmo, 31/12/2023, e considerando tamén o feito de que houbo que tramitar unha nova solicitude de autorización de ADIF para poder proceder á licitación das obras como trámites previos a súa execución.
- Que recibida documentación para a formalización da addenda por parte do concello de Pontevedra, a proposta infórmase pola xefa do Servizo de Cooperación en data 10/10/2023 (CSV: 04GWNNVE43BD20IW), condicionando a aprobación da addenda á aprobación da mesma por parte do Concello. Non obstante, en data 19/10/2023 a Intervención provincial considera requisito necesario para a súa tramitación a achega da autorización de ADIF (Administrador de Infraestruturas Ferroviarias) para a realización das actuacións na zona de afección de dita entidade pública empresarial.



- En data 05/12/2023 con número de rexistro WEB2023067035 o Concello remite certificado de aprobación da addenda pola Xunta de Goberno Local e autorización favorable de ADIF para realizar obras para dotar de espazo peonil e zona verde no falso túnel da rúa Doce de novembro.
- En data 07/12/2023 a xefa do servizo de Cooperación emite dilixencia do expediente (CSV:D8LR7QJNM15JFSSP) remitindo a documentación aportada polo Concello, e a Intervención provincial o 11/12/2023 emite informe favorable (CSV:WB2L37MYGI7YVFQ2) para a formalización da addenda, logo de dar conta dos antecedentes e normativa de aplicación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o proxecto de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de novembro.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2 da LRBRL que atribúe ás administracións municipais a competencia tanto en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade como en protección do medio ambiente urbano, en particular no relativo á parques e xardíns públicos.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de hasta catro anos adicionais.
- Cláusula 9ª do convenio, que indica que no caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2024.

CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a sinatura dunha “ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVIEMBRE”, co fin de adecuar o prazo de execución das actuacións e contratos do mesmo.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na Base 16º 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.



Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- APROBAR a “ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVENBRO” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVENBRO”

Na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha banda, D. Luís López Dieguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data de 23 de decembro de 2021 foi asinado o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVENBRO.

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula “NOVENA” indica que:

“O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31/12/2023, fíxándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2024.

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos aos que o mesmo se refire, ou vencemento do prazo máximo inicial ou prorrogado previsto neste Convenio.”.



III.- *Que a cláusula “OITAVA” do mesmo convenio prevé unha “COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL” para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.*

Dita comisión de seguimento e control constituíuse en representación das partes pola preceptiva resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra de data 26 de setembro de 2023, e, no que ao concello de Pontevedra se refíre, polo decreto da Alcaldía-Presidencia de data 25 de agosto de 2023.

IV.- *Que, en data 28 de setembro de 2023, a “COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL” do Convenio reúnese con motivo de non ter iniciado o proxecto, e preverse no convenio que o investimento obxecto do mesmo ten como data límite de finalización o 31 de decembro de 2023.*

A demora no inicio do proxecto ven dada pola necesaria autorización do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (en adiante ADIF), para a utilización do falso túnel da rúa Doce de novembro, e ao terse ao concello por desistido da solicitude da mesma por resolución de ADIF de data 23/06/2023, é necesario realizar de novo o trámite para a obtención da autorización e proceder á licitación das obras, todo elo con carácter previo a súa execución, polo que se acorda por unanimidade prorrogar a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024, co obxecto de adecuar o convenio as necesidades de execución real das obras.

V.- *Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o proxecto de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de novembro” ; conforme ás seguintes*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *A Deputación Provincial de Pontevedra e o concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVIEMBRE”, ampliándose o mesmo ata o día 31 de decembro de 2024.*

SEGUNDA.- *En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 23 de decembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.*

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

*Pola Deputación Provincial,
Asdo.- Luís López Dieguez*

*O Secretario da Deputación de Pontevedra,
Asdo.- Carlos Cuadrado Romay*

*Polo Concello de Pontevedra,
Asdo.- Miguel Anxo Fernández Lores*

*O Secretario do Concello de Pontevedra,
Asdo.- José Carlos Castiñeira Piñeiro ”*



- Facultar á presidenta para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

6.33276.- APROBACIÓN DA “ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA” (Expte.2021059527)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- Que en data 10/12/2021 a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 4.31059 polo que se aprobaba o “*Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do Prazo do Concello de Pontevedra*”.
- Que en data 23/12/2021 asinouse o citado convenio que ten por obxecto o acondicionamento da antiga Casa Consistorial de Pontevedra co obxecto de rehabilitar a primeira planta do mesmo para usos institucionais. Esta intervención servirá, así mesmo, para solucionar o problema de accesibilidade dende os accesos e entre os diferentes niveis do edificio, para o que se establece un orzamento de 1.361.377,69€, financiando a Deputación provincial 1.225.239,92€ (90%).
- Que de acordo coa cláusula décima do convenio relativa á vixencia, contemplase como prazo de execución e finalización do investimento o 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024. En dita cláusula tamén se contempla que “*No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga*”.
- Que en data 14/11/2023, o concello de Pontevedra solicita a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento co obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar o convenio pois, por mor dos retrasos nos prazos de entrega dos materiais, debido as paradas de produción e a diminución das redes loxísticas de transporte, non é posible realizar as actuacións previstas no prazo de execución e finalización de obra estipulado na súa cláusula décima do convenio, isto é, o 31/12/2023.



- Que en data 24/11/2023, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnen os membros da citada Comisión de Seguimento, e acórdase por unanimidade, prorrogar a vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA”, establecendo como prazo de execución e finalización da obra a data límite do 31/10/2024, e fixando como prazo de xustificación ata o 31/12/2024.
- Que en data 05/12/2023, con número de rexistro WEB2023067092, o Concello remite certificado do acordo de aprobación da addenda pola Xunta de Goberno Local para prorrogar a vixencia do convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do pazo do concello de Pontevedra.
- Que recibida a documentación necesaria para a formalización da addenda por parte do concello de Pontevedra, a xefa do Servizo de Cooperación en data 05/12/2023 informa a proposta de addenda (CSV: B4T26RVNAL4MJYHT) e, pola súa banda, a Intervención provincial emite informe favorable o 12/12/2023 (CSV: APBPM99UAYJBVRPI).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do pazo do concello de Pontevedra



Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.a) da LRBRL, en concordancia co artigo 80 da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de rehabilitación da edificación.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de hasta catro anos adicionais.
- Cláusula 10ª do convenio, que indica que no caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.



Conclusións:

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a sinatura dunha “**ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**”, co fin de adecuar o prazo de execución das actuacións.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na Base 16º 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- APROBAR a “*ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA*” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data de 23 de decembro de 2021 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula DÉCIMA, indica que:

“O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.”

III.- Que a cláusula NOVENA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

IV.- Que o día 24 de novembro de 2023 a dita Comisión reúnese con motivo de non ser posible a realización das actuacións previstas no prazo de execución e finalización de obra estipulado na cláusula DÉCIMA, isto é, o 31/12/2023, por mor dos retrasos nos prazos de entrega dos materiais, debido as paradas de produción e a diminución das redes lóxicas de transporte, polo que se acorda por unanimidade prorrogar a vixencia do convenio, establecendo como prazo de execución e finalización da obra a data límite do 31/10/2024, e fixando como prazo de xustificación ata o 31/12/2024, co obxecto de adecuar o convenio as necesidades de execución real das obras.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do pazo do Concello de Pontevedra” conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA”, ampliándose o prazo de execución e finalización do investimento ata o día 31/10/2024 e o prazo para a súa xustificación ata o día 31/12/2024.



SEGUNDA.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 23 de decembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

Pola Deputación Provincial

O presidente,

Luis López Diéguez

O secretario,

Carlos Cuadrado Romay

Polo Concello de Pontevedra

O alcalde,

Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario,

José Carlos Castiñeira Piñeiro

- Facultar á presidenta para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

7.33277.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E CON EXCLUSIVIDADE, DO SERVIZO DE COBERTURA PUBLICITARIA CON “LA VOZ DE GALICIA, S.A.”, DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2024. (Expte.2023069090)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 4 de outubro de 2023 número 2023007465 foi aprobado o Plan de Comunicación 2024 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros o xornal La Voz de Galicia como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A programación de todas estas campañas de información e publicidade depende directamente do servizo de Comunicación Institucional que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial na anualidade 2024, polo tanto dáse a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.



A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e praxe do deputado delegado, propón, mediante informe de data 13/11/2023, a contratación da prestación de servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. para a anualidade 2024, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 190.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do 2024, condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Resultando que pola Intervención emitíuse documento RCFUT1 nº 202300263297 por importe de 190.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2024, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Tendo en conta que, con data 11/12/2023, o xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 21/11/23, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O secretario xeral, con data 30/11/23 informe favorablemente o expediente *“sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación existindo un reparto equitativo entre os medios”*.

Visto que con data 01/12/2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 11/12/23, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. De optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios, tal como se sinala tamén no informe de Secretaría.

Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal.”



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade dos servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. (CIF A15000649) para a anualidade 2024. O prazo máximo de duración comprende desde a firma do contrato ata o 1 de decembro de 2024, salvo que a súa sinatura sexa posterior ao 1 de xaneiro caso no que se considerará como data de comezo o da súa sinatura.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 190.000,00€. O valor estimado é de 157.024,80 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 17ILAJGJOFKHE7YM) e de prescricións técnicas (CSV: IBSHFRMF9VWMHI0W) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 190.000,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2024, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.



4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa La Voz de Galicia, S.A. (CIF A15000649), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da plataforma de licitación electrónica (VORTAL).

8.33278.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2020014145)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 18 de decembro de 2020, adxudicou o “Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra” ás seguintes empresas, para cada un dos lotes, polos prezos e valores ofertados reflexados no citado acordo:

- Lote 1: Técnica y proyectos SA (CIF: A28271288).
- Lote 2: Ingeniería y prevención de riesgos SL (CIF: B81470841).
- Lote 3: Atenea Seguridad y Medioambiente SAU (CIF: A82876905).
- Lote 4: Aquatica Ingeniería Civil SL (CIF: B36962314).

O Acordo Marco entrou en vigor o día 22 de xaneiro do 2021, data da formalización dos catro lotes que o conforman, cun prazo de duración dun ano, e a posibilidade de tres prórrogas anuais, conforme ao establecido na cláusula 4 do prego administrativo.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, nas súas sesións ordinarias do día 23 de decembro de 2021 e do 13 de xaneiro de 2023, aprobou a primeira e segunda prórroga, respectivamente, de todos os lotes do “Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra”, tendo a última vixencia ata o 21 de xaneiro de 2024 e permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 16 de novembro de 2023 o director de Infraestruturas e Vías Provinciais, co visto e prace da deputada delegada, emite informe, con CSV: S0MVW2YFJHVV9XUQ, no que se solicita prorrogar os lotes 1, 2 e 3 do devandito Acordo Marco polo período dun ano, con efectos dende o 22 de xaneiro de 2024 ata o 21 de xaneiro de 2025. Así mesmo, con data 01 de decembro de 2023 a xefa do servizo de Arquitectura, co visto e prace do deputado delegado, emite informe, con CSV: U1K4JVC9DI6S6Y5C, no que se solicita prorrogar o lote 4 do devandito Acordo Marco polo período dun ano, con efectos dende o 22 de xaneiro de 2024 ata o 21 de xaneiro de 2025. De acordo os citados informes, na actualidade a execución do Acordo Marco vense desenvolvendo segundo o pactado, e tendo en conta o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte da empresa contratista que xustifiquen a improcedencia da prórroga.



Tendo en conta o artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para a empresaria ou empresario sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.

Tendo en conta que, de conformidade co dito artigo, a cláusula 4 do prego económico-administrativo, e o propio *Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra*, previron a posibilidade de realizar tres prórrogas, cun prazo de duración dun ano cada unha, ata alcanzar o prazo de duración total de catro anos.

Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga para os lotes 1, 2 e 3 en data 16 de novembro de 2023 e para o lote 4 en data 15 de novembro 2023, en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación, neste caso, a Xunta de Goberno, adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, de data 04 de decembro do 2023 (CSV: 63BUEBOAZ5U5B22T), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos responsables do Acordo Marco, infórmase favorablemente a proposta de terceira prórroga deste Acordo Marco por unha anualidade, desde o 22 de xaneiro de 2024 ata o 21 de xaneiro de 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 22 de xaneiro de 2024.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste acordo marco; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a terceira prórroga do “Acordo Marco para a contratación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra” suscrito para o lote 1 coa empresa Técnica y proyectos SA (CIF: A-28271288), para o lote 2 coa empresa Ingeniería y prevención de riesgos SL (CIF: B-81470841), para o lote 3 coa empresa Atenea Seguridad y Medioambiente SAU (CIF: A-82876905) e para o lote 4 coa empresa Aquatica Ingeniería Civil SL (CIF: B-36962314), durante o período 22 de xaneiro de 2024 ata o 21 de xaneiro de 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



Os contratos que deriven da presente prórroga anual deste Acordo Marco (desde o 22 de xaneiro de 2024 ó 21 de xaneiro de 2025), que se axustarán aos prezos unitarios ofertados pola empresa contratista, serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda, dentro do proxecto de gasto da respectiva obra, debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación.

No caso de tratarse de anualidades futuras (neste caso, ano 2024 e 2025), o gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

9.33279.- AMPLIACIÓN DAS BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2022 (5ª MOBILIDADE).
(Expte.2021064912)

O 24 de novembro de 2021 publicouse a convocatoria de propostas 2022 do programa Erasmus+ (EAC/A09/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C473/09) aprobada pola Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), ao abeiro do Regulamento (UE) núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello de data 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.

O 22 de febreiro de 2022 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID- KA121-VET-ADAE3F5F) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 60 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 5 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2022 ata o 31 de agosto de 2023). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de catro períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O 15 de xullo de 2022 a dirección do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu a resolución pola que se publican os listados de solicitudes seleccionadas e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas, correspondentes á convocatoria de propostas 2022 do Programa



Erasmus+, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto Erasmus+2022 por importe de 599.765,00 €.

Trátase dun proxecto plurianual (2022-2024) e para a anualidade 2022 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 28/09/2022 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2022 ata ao 31 de agosto de 2023. Con todo, solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios. O 23 de xuño do 2023 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio do 2024.

De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, o alumnado distribuírse en varias quendas de mobilidade:

- A primeira quenda, que comprende un total de 9 alumnos que iniciaron a mobilidade en abril do 2023 con destino Portugal, Italia e Malta.
- A segunda quenda, que comprende un total de 5 alumnos que iniciaron a mobilidade en maio do 2023 con destino Portugal, Italia e Irlanda.
- A terceira quenda, que comprende un total de 2 alumnas que iniciaron a mobilidade en maio do 2023 con destino Italia.
- A cuarta quenda, que comprende un total de 2 docentes que iniciaron a mobilidade en maio e xuño do 2023 con destino Finlandia e Portugal.
- A quinta quenda, que comprende un total de 45 alumnos e un docente que iniciaron a mobilidade en outubro de 2023 con destino Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal.
- A sexta quenda, que comprende un total de 9 alumnos iniciaron a mobilidade en novembro de 2023 con destino Italia, Portugal, Irlanda, Malta e Finlandia.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en marzo do 2024.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 08/09/2023 adoptou, entre outros o seguinte acordo: 5.32950.- Adxudicación de bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto ERASMUS+2022 (5ª MOBILIDADE) (Nº Expte. 2021064912).



A través deste acordo autorizouse a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado e do docente que participan no proxecto PRACTICUM DEPO 2022 (5ª mobilidade) pola contía total de 356.909,00€ que comprende a cantidade asignada pola estancia e a prevista para gastos de viaxe.

A cláusula 2.4 do convenio de subvención Erasmus+ para estudante e persoal de Formación Profesional formalizado entre a Deputación de Pontevedra e as persoas participantes do proxecto establece que estas poderán enviar unha solicitude de ampliación da duración do seu período de mobilidade ata a duración máxima prevista na cláusula 2.3 (365 días).

Con data 20/11/2023 ofrecéuselle aos beneficiarios da 5ª mobilidade ampliar voluntariamente as súas mobilidade, solicitando confirmación a través de correo electrónico. Os participantes *Elisabeth Varela Filgueira* (**7253**), *Aldara Fernández Lago* (**4977**), *Pedro Iglesias Figueroa* (**2832**), *Ismael El Halouy Fernández* (**7741**), *El Mehdi Laghmari Dernani* (**5128**), *Laura Pizcueta Leirós* (**1721**) e *Pablo Gil Pérez* (**8219**) solicitaron ampliar a súa estancia conforme ao detalle seguinte:

Participante	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Importe ampliación
Elisabeth Varela Filgueira	Actividades Comerciais	IES Luis Seoane	Portugal	30/03/2024	30/05/2024	62	2.480,00
Aldara Fernández Lago	Actividades Comerciais	IES Luis Seoane	Malta	05/04/2024	30/05/2024	56	2.240,00
Pedro Iglesias Figueroa	Vídeo Disc-Jockey e Son	IES Audiovisual de Vigo	Irlanda	30/03/2024	30/05/2024	62	2.852,00
Ismael El Halouy Fernández	Actividades Comerciais	IES Indalecio Pérez Tizón	Italia	31/12/2023	30/04/2023	122	4.880,00
El Mehdi Laghmari Dernani	Actividades Comerciais	IES A Guía	Portugal	30/03/2024	30/05/2024	62	2.480,00
Laura Pizcueta Leirós	Guía no medio natural e de tempo de lecer	IES Terra de Turonio	Italia	20/03/2024	30/05/2024	72	2.880,00
Pablo Gil Pérez	Guía no medio natural e de tempo de lecer	IES Terra de Turonio	Italia	20/03/2024	30/05/2024	72	2.880,00
							20.692,00

O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino. A plataforma *Beneficiary Module*, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+, realiza o cálculo da contía correspondente de forma automática segundo as directrices do programa.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte dos interesados das cantidades asignadas en concepto de axuda individual co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinala aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

Esta ampliación beneficia tanto ás persoas beneficiarias das prácticas, que poden seguir formándose e aprendendo nas súas respectivas organizacións de acollida, como ao consorcio do proxecto Erasmus+ 2022, acadando un maior porcentaxe de execución orzamentaria.



Para tal finalidade, deberá realizarse unha nova adxudicación complementaria relativa á duración adicional pola que os participantes ampliarán a súa estancia.

Con data 7 de decembro de 2023 emitiuse informe – proposta para a ampliación das bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ 2022 (5ª mobilidade) asinado polo xefe do Servicio de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local e a Deputada Delegada.

Con data 11 de decembro de 2023 a Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a ampliación das bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ 2022 (5ª mobilidade) detalladas anteriormente. A contía ascende a 20.692,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2428.481.01 do proxecto de gasto 2200002_PRACTICUM DEPO 2022.

NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2022 do programa Erasmus+ (EAC/A09/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C473/09), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento para o ano 2023.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. A concesión das bolsas de ampliación de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ 2022 (5ª mobilidade) conforme ao detalle seguinte:

Participante	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Importe ampliación
Elisabeth Varela Filgueira	Actividades Comerciais	IES Luis Seoane	PORTUGAL	30/03/2024	30/05/2024	62	2.480,00
Aldara Fernández Lago	Actividades Comerciais	IES Luis Seoane	MALTA	05/04/2024	30/05/2024	56	2.240,00
Pedro Iglesias Figueroa	Vídeo Disc-Jockey e Son	IES Audiovisual de Vigo	IRLANDA	30/03/2024	30/05/2024	62	2.852,00
Ismael El Halouy Fernández	Actividades Comerciais	IES Indalecio Pérez Tizón	ITALIA	31/12/2023	30/04/2023	122	4.880,00
El Mehdi Laghmari Dernani	Actividades Comerciais	IES A Guía	PORTUGAL	30/03/2024	30/05/2024	62	2.480,00
Laura Pizcueta Leirós	Guía no medio natural e de tempo de lecer	IES Terra de Turonio	ITALIA	20/03/2024	30/05/2024	72	2.880,00
Pablo Gil Pérez	Guía no medio natural e de tempo de lecer	IES Terra de Turonio	ITALIA	20/03/2024	30/05/2024	72	2.880,00
							20.692,00



Para a ampliación desta 5ª mobilidade a contía ascende a 20.692,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2428.481.01 do proxecto de gasto 2200002_PRACTICUM DEPO 2022 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2. Notificar este acordo ás partes interesadas

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.

10.33280.- DAR CONTA DAS RENUNCIAS PRESENTADAS POR DISTINTAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “CONECTADAS 2023” (Expte. 2022075085)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, convocou o programa Conectadas 2023, co fin potenciar a participación e promoción das mulleres e favorecer as relacións interpersoais en igualdade, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria de 27 de xaneiro de 2023 aprobou as bases reguladoras do programa “Conectadas 2023”, aparecendo publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número nº 21 de 31 de xaneiro 2023. Nestas bases figura que as entidades beneficiarias do programa son as asociacións, federacións e fundacións sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoiem o seu desenvolvemento e actuación, o empoderamento das mulleres, ao igual que o seu tecido asociativo, e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de mulleres e homes.

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2023 adoptou, entre outros, o acordo de adjudicar un total de 219 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa Conectadas 2023.

Resultando que durante o período de execución do Programa 8 entidades presentan renuncia á acción formativa concedida dentro do programa Conectadas 2023, por diversos motivos entre os que destacan o non reunir o número mínimo de persoas participantes para a realización do obradoiro, razóns organizativas,...



Considerando que o órgano competente para a adxudicación das acción formativas ás entidades beneficiarias do programa Conectadas para o exercicio 2023 é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada das 8 renuncias presentadas polas seguintes entidades:

Expediente	CIF	ASOCIACIÓN	CONCELLO
2023014124	G16819922	Asociación Mulleres que Poden	A Estrada
2023014129	G01779511	Asociación Igualdade e Mulleres de A Estrada	A Estrada
2023015261	G36633428	Asociación Sociedade Cultural Deportiva e Recreativa Helios	Vigo
2023009191	G36453728	Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta	Ponteareas
2023013254	G27847672	Bicos de Papel Asociación Axuda Nenos Oncolóxicos Hospital Álvaro Cunqueiro	Vigo
2023012584	G36165702	Asociación de Mulleres Rurais Consumidoras e Culturais Santa Tecla - A Guarda	A Guarda
2023012533	G36494011	Asociación Mulleres Rurais Santo Montillon	A Estrada
2023007853	G36837433	Asociación Mulleres Pedra da Vella	Vigo



11.33281.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL E ETNOGRÁFICA SAN CIBRÁN (MONDARIZ) Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PUBLICACIÓN “PROXECTOS E REALIDADES DA EMIGRACIÓN EN PORTUGAL E AMÉRICA PARA MOURISCADOS”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 19/05/2023 (Expte. 2023014662)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 19 de maio de 2023 (acordo núm. 2.32644), unha subvención a favor da *Asociación Cultural e Etnográfica San Cibrán*, con CIF: G94020856, para a publicación “*Proxectos e realidades da emigración en Portugal e América para Mouriscados*”, por un importe de 3.063,14€, con cargo á aplicación 23/332.3322.789.00 e con cargo á convocatoria de “Subvencións para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro” e recibido escrito do concello interesado na sede electrónica, de 30 de novembro de 2023 (núm. de rexistro WEB2023065880), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día pola imposibilidade de realización da actividade subvencionada, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da área de Intervención, de 05 de decembro de 2023, con CSV:ZGT6J46FPFMECRZH, a Xunta de Goberno queda informada e acepta a dita renuncia e declara concluído o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

12.33282.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CENTRO DE DINAMIZACIÓN RURAL E SOCIOCULTURAL DE MOURISCADOS (MONDARIZ) Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PUBLICACIÓN “ROMARÍAS DA FRANQUEIRA”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 19/05/2023 (Expte. 2023014650) (Patrimonio Documental e Bibliográfico)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 19 de maio de 2023 (acordo núm. 2.32644), unha subvención a favor da *Asociación Centro de Dinamización Rural e Sociocultural de Mouriscados*, con CIF: G36580215, para a publicación “*Romarías da Franqueira*”, por un importe de 3.063,14€, con cargo á aplicación 23/332.3322.789.00 e con cargo á convocatoria de “Subvencións para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro” e recibido escrito do concello interesado na sede electrónica, de 30 de novembro de 2023 (núm. de rexistro WEB2023065877), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día pola imposibilidade de realización da actividade subvencionada, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da área de Intervención, de 05 de decembro de 2023, con CSV: A4NWUVAFXWQP591, a Xunta de Goberno queda informada e acepta a dita renuncia e declara concluído o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



- 13.33283.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA ÁS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA A IMPLANTACIÓN DE INFRAESTRUTURA DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS NOS EMPRAZAMENTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES INEGA N421R-3530, IN421R-3535, IN421R-3536 (Expte.2022046976)

Retírase da orde do día, para mellor estudo, expediente relativo a “*Renuncia ás subvencións concedidas polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para a implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos nos emprazamentos da Deputación de Pontevedra, correspondente cos expedientes INEGA N421R-3530, IN421R-3535, IN421R-3536*”.

- 14.33284.- MODIFICACIÓN DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE OIA CONCEDIDA MEDIANTE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO NÚMERO 17.32811 DE DATA 30/06/2023 PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS- “ OBRAS ORDINARIAS DE RECUPERACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN ACEVEDO, LOUREZA E OIA, CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN ESTRADA A PORTELA E RECUPERACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE CAMIÑO EN OIA CABREIRIZA)”(Expte. 2023034415)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

ANTECEDENTES

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións. Correspondéndolle ao *Concello de Oia* un importe subvencionable de 69.744,00 €.
- En data 05/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030245), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do Concello de OIA, emendada na data 02/06/2023 e 23/06/2023(núm. rexistro WEB2023035721 e WEB2023039752), na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no



reparto unha subvención por importe de 69.435,28 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “OBRAS ORDINARIAS DE RECUPERACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN ACEVEDO, LOUREZA E OIA, E CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN ESTRADA A PORTELA”, cun orzamento polo mesmo importe.

- Na data 06/06/2023 o expediente informouse favorablemente polo facultativo técnico do Servizo de Cooperación, en data 23/06/2023 pola xefa do Servizo de Cooperación e pola Intervención provincial na data 26/06/2023.
- Mediante Acordo de Xunta de Goberno núm. 17.32811 do 30/06/2023, resolveuse o seguinte:

“Conceder ao Concello de OIA, CIF P3603600B, a cantidade de 69.435,28 euros, con destino ao financiamento do investimento “Obras ordinarias de recuperación e consolidación de muro de contención en Acevedo, Loureza e Oia, e construción de muro de contención en estrada A Portela”, cun orzamento polo mesmo importe.

Non obstante, se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e de Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Asemade o Concello posterga a remisión da acta de trazado previo e aprobación de proxecto á obtención das autorizacións nas seguintes actuacións:

- *Obras ordinarias de recuperación e consolidación de muro de contención en Acevedo.*
 - *Obras ordinarias de recuperación e consolidación de muro de contención en Oia.*
 - *Construción de muro de contención en estrada a Portela.”*
- Con posterioridade, Meteogalicia emite un novo informe meteorolóxico o 07/08/2023 sobre as precipitacións rexistradas na provincia o día 01/01/2023 no que se rectifican algúns dos datos pluviométricos remitidos no mes de febreiro de 2023 e, entre eles, os datos relativos ao Concello de Oia. Á vista deste novo informe, mediante a RP núm. 2023006725, de 05/09/2023, rectifícase a citada RP núm. 2023004393, de 02/06/2023.

Toda vez que as precipitacións rexistradas no Concello de Oia aumentan ata os 82 l/m2, correspóndelle ao Concello unha cantidade máxima subvencionable de 87.180,00 euros, aumentando en 17.436,00 euros a cantidade inicial, podendo o concello reformular a súa solicitude.

- En data 29/11/2023, con núm. de rexistro WEB2023065655, o Concello presenta no Rexistro da Deputación, a reformulación da súa solicitude inicial, solicitando a subvención para unha nova actuación denominada ”*Recuperación e consolidación de muro de contención de camiño en Oia(Cabreiriza)*” por importe de 17.146,85 € e cun orzamento polo mesmo importe.



A solicitude reformulada de subvención reflíctese na seguinte táboa

CONCELLO	ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
OIA NIF P3603600B	-OBRAS ORDINARIAS DE RECUPERAC. E CONSOLIDAC DE MURO DE CONTENCIÓN EN ACEVEDO.	9.195,90€	9.195,90€
	OBRAS ORDINARIAS DE RECUPERAC. E CONSOLIDAC DE MURO DE CONTENCIÓN EN LOUREZA.	13.154,66€	13.154,66€
	-OBRAS ORDINARIAS DE RECUPERAC. E CONSOLIDAC DE MURO DE CONTENCIÓN EN OIA.	14.542,22€	14.542,22€
	- CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN ESTRADA A PORTELA	32.542,50€	32.542,50€
	-RECUPERACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DE CAMIÑO EN OIA (CABREIRIZA)	17.146,85€	17.146,85€
		TOTAL 86.582,13€	TOTAL 86.582,13€

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fai precisa a autorización sectorial de AXI, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o concello posterga a remisión da acta de trazado previo e aprobación do proxecto á obtención da autorización sectorial para o novo investimento:
“Recuperación e consolidación de muro de contención en Estrada- A Portela”
- A nova actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 30/11/2023.
- As presentes actuacións contan co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 05/12/2023 e da Intervención Provincial de 05/12/2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións , relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRIL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LBRIL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 30/11/2023, da xefa do Servizo de Cooperación de data 05/12/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da solicitude de modificación do importe da subvención concedida, e do informe da Intervención provincial, de data 05/12/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o importe da subvención concedida ao *Concello de Oia*, CIF P3603600B, mediante Acordo de Xunta de Goberno núm. 17.32811 do 30/06/2023, para o investimento “*Obras ordinarias de recuperación e consolidación de muro de contención en Acevedo, Loureza e Oia, construción de muro de contención en estrada A Portela e recuperación e consolidación de muro de contención Camiño Oia (Cabreiriza)*”, aumentando a subvención en 17.146,85 euros ata o importe de 86.582,13 euros e cun orzamento polo mesmo importe, para o financiamento dunha nova actuación denominada “*Recuperación e consolidación de muro de contención Camiño-Oia (Cabreiriza)*”, quedando configurada a subvención tal como se reflicte na seguinte táboa:

CONCELLO	ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
OIA NIF P3603600B	-OBRAS ORDINARIAS DE RECUPERAC. E CONSOLIDAC DE MURO DE CONTENCIÓN EN ACEVEDO.	9.195,90€	9.195,90€
	OBRAS ORDINARIAS DE RECUPERAC. E CONSOLIDAC DE MURO DE CONTENCIÓN EN LOUREZA.	13.154,66€	13.154,66€
	-OBRAS ORDINARIAS DE RECUPERAC. E CONSOLIDAC DE MURO DE CONTENCIÓN EN OIA.	14.542,22€	14.542,22€
	- CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN ESTRADA A PORTELA	32.542,50€	32.542,50€
	-RECUPERACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DE CAMIÑO EN OIA (CABREIRIZA)	17.146,85€	17.146,85€
		TOTAL	86.582,13€



Quedando igualmente condicionada a nova actuación (*Recuperación e consolidación de muro de contención de camiño en Oia (Cabreiriza)*) á autorización sectorial de AXI. Asemade posterga a presentación da acta de trazado previo xunto coa aprobación do proxecto ata a obtención da citada autorización, sendo imprescindible que se remita coa presentación da primeira xustificación da subvención.

- A concesión da subvención realizarase contra a aplicación 2023/942.9428.762.97 do orzamento provincial para o vixente exercicio.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto na prórroga da subvención da Deputación de Pontevedra para reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, aprobada por acordo da Xunta de Goberno nº 4.33017, do día 6 de outubro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 196 de 10 de outubro de 2023, (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Dar traslado da presente acordo ao *Concello de Oia*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

15.33285.- RECOÑECEMENTOS EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023073464)

Vista a relación de facturas con número 2023073464, que contén 5 facturas e por un importe de 852,68 € e con CSV: WUEPMPH1EJ377DAP, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 04/12/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	852,68 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	852,68 €



16.33286.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

17.33287.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

18.33288.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

